



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Reunión da CIG co Director da AEAT**

A reunión transcurriu nun clima de cordialidade non exento de firmeza nas nosas reclamacións. Falando do Plan Estratégico 2020-2023 que se nos presentaba expuxemos que este non era o primeiro Plan da AEAT, xa houbera outros Plans de loita contra a fraude fiscal pero que vistos os datos da fraude a día de hoxe, 40 mil millóns de € según algunhas fontes, non resultaron moi exitosos. Valoramos positivamente a intención de aplicar de maneira obxectiva e con equidade o sistema tributario dando un tratamento xusto a todos os contribuintes, sin privilexios de ningún tipo, e adicar una especial atención a combatir a fraude daqueles que contan con máis recursos e medios para evitar o pago, defraudando en detrimento da cidadanía, esperamos que non se quede nunha mera declaración ese faga efectiva xa que a maior parte da fraude non se detecta nas rendas procedentes do traballo asalariado senón nos rendementos do capital.

Xa falando de temas concretos expuxemos diversas cuestións que consideramos de interese para o persoal:

- Trasladámoslle a **problemática na que se atopan as Administracións pequenas** e pedimos que non se vaian deixando morrer xa que prestan un gran servizo na Galiza rural, que non conta cas mellores vías de comunicación para grandes desprazamentos e sí contan con una poboación envellecida con dificultades para acceder ao manexo das novas tecnoloxías á hora de efectuar os seus trámites coa Axencia Tributaria.
- Queixámonos tamén pola escasa convocatoria de prazas nos distintos paneles para a **Delegación e Administracións de Ourense** sabendo como saben que poderían asumir traballo doutras Delegacións no caso de que non teñan por sí mesmas carga de traballo suficiente.



Confederación Intersindical Galega

- Así, aproveitamos para **solicitar a implantación do ADI,S en Ourense** por considerar que reúne todos os requisitos: hai espazo físico e a súa posta en marcha podería servir para que haxa máis mobilidade hacia Galicia e dentro de Galicia.
- Pedimos que se faga un **esfuerzo ampliando a Oferta de Emprego Público** xa que nos últimos anos estamos a perder arredor de 3000 efectivos así como a mellora dos procesos de promoción interna da AEAT.
Declarámonos contrarios á externalización (privatización) de servizos como o de atención telefónica que lle costa aos contribuintes 47 millóns de euros ou mesmo as custodias de embarcacións do SVA que alcanzan o millón de euros anuais.
- Respecto ao **Acordo de Medidas Organizativas** reclamamos a posta en marcha canto antes da Mesa de negociación para correxir as situación inxustas que se dan tras a súa aplicación: perda do tramo retributivo do persoal que participou en paneles e concursos respecto aos seus compañeiros de promoción (dos que lle entregamos relación) así como a situación dos que promocionaron nos últimos anos.
- Tamén solicitamos a **reactivación do Acordo de Carreira** e a actualización dos específicos dos tramos 1 e 2 dos grupos C1-C2 seguindo o acordo de Función Pública. Esta actualización suporía un incremento proporcional do resto dos tramos, evidentemente.
- Queixámonos tamén das pegas que desde a Xefatura da Dependencia de RR.HH se poñen a determinados permisos e incidencias do persoal do noso ámbito, que leva moitas veces a que teñan que intervir deste Madrid os responsables de RR.LL. para solucionarlas cando tiñan que estar para outras cuestións.
- Sobre a cuestión **da produtividade** pedimos negociar toda a produtividade e non só o PEIA (a día de onte aínda non se contaba ca sinatura da Ministra) e que os listados se entreguen, dentro do cumprimento da Lei de protección de datos, ca suficiente claridade para poder determinar a cantidade que recibe cada posto de traballo.



Confederación Intersindical Galega

Respecto ao SVA comentamos:

- Xa que no Plan estratéxico se fala da modernización dos medios materiais do SVA fixemos constar que as últimas adquisicións neste sentido non foron nada afortunadas: costaron moito e non dan o resultado esperado (charráns, planeadoras foraborda, reparacións do PETREL)
- Pedímoslle que iniciaran **conversas con Marina mercante e o ISM** para que valeran os días de mar nas embarcacións do Servizo e que as novas promocións teñan a opción de cotizar **ao Réxime especial do Mar**, en vez do Réxime Xeral da Seguridade Social, ao efecto de contar con coeficientes reductores para rebaixar a idade de xubilación.
- Tamén pedimos pasar os recoñecementos médicos no ISM que conta con persoal experto en medicina marítima.
- Preguntamos e protestamos polo **desvío de cartos do PEIA do SVA a Aduanas**.
- Expuxemos a situación do persoal que leva praza nos Paneles procedente dos BOE,s: téñenos en comisión de servizos de 12 meses e renovable. Iso é una anomalía que prometeron correxir a través dun concurso específico.
- Tamén comentamos a discriminación que sufren os C1 dos BOE,s con respecto aos A2 e pedimos un trato igual para uns como para os outros

Estas, entre outras, foron as cuestións que se trataron na citada reunión aínda que somos conscientes que deixamos cousas no tinteiro xa que nunha hora e cuarto non da tempo a tratar de toda a problemática que afecta ao persoal da AEAT.